

EXPTE: CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024.

ACTA 1º DA MESA DE CONTRATACIÓN

Na sala de xuntas do concello de Teo, sendo as 11:30 h. do día 22/07/2024, constitúese a mesa de contratación, para levar a cabo o exame da documentación contida nos sobre C "Oferta económica e criterios avaliábles de forma automática" presentados polos licitadores para adxudicación da subministración arriba referenciada, que queda constituída polos seguintes membros:

Presidente Juan Jesús Cerqueiro Pintos, concelleiro delegado de Servicios Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais.

Vogais:

- Virginia Fraga Díaz, secretaria Xeral.
- Luis E. Papiri Villanueva, interventor acctal.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal.
- Eloi Devesa Puente, concelleiro do grupo municipal do BNG.

Secretaria:

Mª Elena Sueiro Fernández, adxunta a secretaría xeral do concello

Constituída a mesa dáse conta do informe xerado pola Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP) relativo aos licitadores presentados, e que son os seguintes:

LICITADOR: B94016805
Razón social: GAROCAPRIM S.L.
Fecha de presentación: 12/07/2024 13:25:54

LICITADOR: B27340215
Razón social: INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.
Fecha de presentación: 12/07/2024 17:56:16

LICITADOR: B60961554
Razón social: LAPPSET ESPAÑA V.R.,S.L.
Fecha de presentación: 04/07/2024 10:54:06
LICITADOR: B70329321
Razón social: OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L

Fecha de presentación: 10/07/2024 15:14:18

LICITADOR: B44952430

Razón social: URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.

Fecha de presentación: 11/07/2024 19:33:40

Estando ante un expediente de licitación electrónica, iníciase a sesión na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP), e seleccionado o “**acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159)**” dáse comezo ao mesmo, procedéndose ao descifrado e apertura dos sobres presentados.

A documentación contida no sobre está completa, polo que **a mesa considera que procede admitir aos seguintes licitadores:**

GAROCAPRIM S.L.

INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.

LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.

OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L

URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.

As ofertas efectuadas polos licitadores son as seguintes:

LICITADOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	REDUCCIÓN DE PRAZO ENTREGA
GAROCAPRIM S.L.	33.591,60	Reduce 2 días
INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.	38.500,00	Non reduce
LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.	35.377,20	Reduce 10 días
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L	38.953,00	Reduce 10 días
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.	38.651,71	Reduce 10 días

A continuación, efectúanse os trámites que establece a Plataforma a fin de que quede reflectida a información que se desprende da apertura.



Comeza o **“acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente”**.

Seguidamente, a mesa efectúa os cálculos oportunos de acordo coa cláusula 9 do prego administrativo e dáse conta do resultado do “programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos”, e do que se desprende **a incursión en baixa desproporcionada dos seguintes licitadores**, ao estar a súa oferta por debaixo do límite fixado para a oferta temeraria, que é 36.644,56 €:

GAROCAPRIM S.L.

LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.

Á vista de todo o actuado, a **mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros ACORDA:**

PRIMEIRO.- Admitir á licitación ás seguintes empresas:

GAROCAPRIM S.L.

INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.

LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.

OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L

URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.

SEGUNDO.- Requirir aos seguintes licitadores para que no prazo de **cinco días hábiles**, a contar desde a data da comunicación, xustifiquen as razóns que lle permiten prestar o servizo nas condicións ofertadas, de acordo coa cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 149 da LCSP:

GAROCAPRIM S.L.

LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.

Sendo as 12:05 horas dáse por suspendida a sesión, quedando a mesa en reunirse de novo para o acto de subsanación e o acto de xustificación das ofertas anormalmente baixas o venres 9 de agosto de 2024 ás 09:30 horas, estendéndose a presente acta que asina a secretaria da mesa co visto e prace do Sr. Presidente.

O presidente

Juan Jesús Cerqueiro Pintos

A secretaria da mesa

Mª Elena Sueiro Fernández